



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO "CONDE DE FENOSA"

Avda. Celso Emilio Ferreiro, nº 4 – Ares (A Coruña) CP -15624

Tfno. 981468189-981468264 Fax – 981453705

CIF – Q6555167C Correo electrónico – cpi.conde.fenosa@edu.xunta.es

ADMISIÓN DE ALUMNOS EN CENTROS PÚBLICOS

INFORMACIÓN PARA CUBRIR O DOCUMENTO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

1. A solicitude de posto escolar será única e presentarse no centro no que se pretende ser admitida/o.
2. A solicitude deberá ser asinada pola nai, pai ou representantes legais do alumnado. No caso de separación ou divorcio, os dous proxenitores ou titores asinarán a presente solicitude, agás que aquel que formalice a instancia teña atribuída a patria potestade con carácter exclusivo mediante resolución xudicial, que se presentará coa solicitude para o seu cotexo polo centro educativo.
3. A/O solicitante poderá demandar que se teña en conta o domicilio familiar ou o lugar de traballo e non serán acumulables as puntuacións polos dous criterios.
4. Só no caso dos centros que ofrezan este servizo.
5. Achegarase, se fose o caso, a documentación que acredite as circunstancias que fundamentan esta petición, derivada de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual ou de trastornos graves da conduta. No caso de alegar situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais achegarán informe dos servizos sociais oficiais competentes que acrediten as circunstancias alegadas.
6. Indicar se se trata de educación infantil, educación primaria, ESO ou bacharelato.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- Impreso oficial de admisión (só páxinas 1 e 2)
- Volante ou certificado de empadramento do Concello.
- Fotocopia dos DNIs. do alumno (se ten), da nai e do pai (ou titores legais).
- Fotocopia de todas as follas do libro de Familia onde conste algunha inscrición.
- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
- Dúas fotografías tamaño carné.
- En caso de separación ou divorcio dos proxenitores, sentenza e convenio regulador.
- En caso de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual ou de trastornos graves da conduta, documentación xustificativa deas circunstancias alegadas.
- En caso de traslado de centro, certificado de matrícula no centro anterior.

NOTA: Se nalgún nivel houberse máis solicitudes que prazas ofertadas, solicitarase aos solicitantes a documentación necesaria para baremar as solicitudes.

ADVERTENCIAS LEGAIS:

1. En cumprimento do establecido nos artigos 5, 15 e 16 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase as persoas interesadas do que segue:
 - a) A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá gravar e procesar parte ou a totalidade da información aquí achegada mediante os sistemas e procesos informáticos que estime oportunos, coa única finalidade de resolver a admisión de alumnas/os en centros docentes sostidos con fondos públicos.
 - b) Poderán exercer o seu dereito de acceso, rectificación e cancelación no momento que o estimen oportuno, mediante escrito dirixido á dirección ou titular do centro no que se formalizou a instancia de admisión da praza.
2. En virtude do establecido no artigo 10 da Lei orgánica 15/1999, cantas persoas interveñan en calquera das fases do proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos están obrigadas ao segredo profesional respecto deste, obrigación que subsistirá aínda despois de finalizado o proceso.
3. As interesadas e interesados autorizan a cesión de cantos datos se solicitan nesta instancia, así como da documentación achegada, ao Consello Escolar do centro e, se é o caso, á Xefatura Territorial correspondente, para os efectos previstos no capítulo III, do Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de 2º ciclo da educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, de acordo co recollido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999.
4. De conformidade co artigo 34 da presente orde de admisión, dará lugar á perda do dereito de prioridade:
 - A solicitude presentada fóra de prazo.
 - A presentación de máis dunha solicitude; así como a presentación dunha solicitude de admisión estando vinculado por reserva.
 - As solicitudes que presenten datos que non se axusten a circunstancias reais do alumnado.
 - As solicitudes acompañadas por documentación que reflicta datos que non se axusten a circunstancias reais.

Ares, 20 de febreiro de 2014.